

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE XANEIRO DE 2010.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
Don Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

Dona Rocío Rey Sampayo.
Dona M^a del Carmen Silvar Canosa.
Dona Amalia García Balado.
Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
Don José Antonio López Rodríguez.
Don Juan Manuel Lourido González.
Dona Rita María Couto Seijido,
Don Manuel Polo Gundín.
Dona Inés Roca Requeijo.
Don Manuel Vicente Pico Sanmartín.
Don Edgar Antonio Vigo López,
Don Gumersindo Pedro Galego Feal.
Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.
Don Juan José Franco Casal.
Dona M^a del Pilar Fornos Corral.
Don Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e doce minutos do día sete de xaneiro de dous mil dez, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dona Rocío Rey Sampayo, Dona M^a del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

Dona Pilar María Pastor Novo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 3 DE SETEMBRO DE 2009, 30 DE SETEMBRO DE 2009, 1 DE OUTUBRO DE 2009, 26 DE OUTUBRO DE 2009 E 30 DE NOVEMBRO DE 2009.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 3 de setembro de 2009, 30 de setembro de 2009, 1 de outubro de 2009, 26 de outubro de 2009 e 30 de novembro de 2009, previamente remitida coa convocatoria.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que é unha vergoña que aparezan estas actas no día de hoxe; que a culpa é do grupo de goberno por permitir esta situación pero tamén a oposición é culpable por o permitir, xa que dispoñen de maioría; que solicita que se tomen as medidas que haxa que tomar, tanto polos responsables políticos coma se algún funcionario é responsable disto, e a partir de aí, solicita a máxima sanción que se poida aplicar.

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a aprobación das actas , sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas ás actas das sesións celebradas en datas 3 de setembro de 2009, 30 de setembro de 2009, 1 de outubro de 2009, 26 de outubro de 2009 e 30 de novembro de 2009.

2º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PRESTAR APROBACIÓN Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O P.K. 0+400 Ó P.K. 1+200 (FENE).

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data 4 de xaneiro de 2010 que, transcrito di:

“1º.- PRESTAR APROBACIÓN Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O P.k. 0 + 400 Ó P.K. 1 + 200 (FENE).

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a necesidade de realización das obras de ampliación e mellora do trazado da DP 3503 desde o PK 0+400 ó PK 1+200 (Fene).

Visto o escrito da Deputación Provincial da Coruña, de data 28 de setembro de 2009, no que se solicita a remisión da documentación que deseguido se enumera, necesaria para que o Pleno da Corporación proceda á aprobación provisional do proxecto de TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O P.K. 0+400 Ó P.K.1+200 (FENE)

- Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios.
- Certificación do Pleno da Corporación no que conste: aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executa-las obras, conformidade coas bases da Deputación da Coruña para o Plan de Travesías 2008-2011, compromiso de aceptación das obras unha vez recibidas pola Deputación polo que se asumen os gastos de conservación, reposición , mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías, e delegación no Alcalde-Presidente para formalizar o correspondente convenio.

Visto que a obra será realizada pola Deputación, e que de non achegarse a documentación solicitada, a Deputación non procederá á execución das mencionadas obras

PROPONSE Ó PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico “TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O P.K. 0+400 Ó P.K.1+200 (FENE)” e autorizar á Deputación para que proceda á execución das obras, de conformidade coas bases da Deputación da Coruña para o Plan de Travesías 2008-2011.

Segundo.- Adopta-lo compromiso de aceptación das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

Terceiro.- Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña así como da dispoñibilidade dos terreos necesarios.

Fene, 30 de decembro de 2009

O Alcalde-Presidente

Asdo.- Iván Puentes Rivera”

Dáse conta do informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 31 de xullo de 2009 obrante no expediente.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que , coas limitacións que se derivan do escaso tempo hábil con que contou para o exame da documentación, que es examinada neste momento , non consta o preceptivo informe xurídico verbo do proxecto cuxa aprobación se propón , polo que o expediente non se atopa concluso, debendo subsnarse dito extremo con carácter previo a adopción do acordo así como que, en relación ao apartado cuarto da proposta, polo que respecta á remisión da certificación da dispoñibilidade dos terreos, éste é un extremo que debe facerse polo director das obras no replanteo do proxecto, xa que este é un acto cuxa finalidade é a de examinar a viabilidade do proxecto, a dispoñibilidade dos terreos, e a realidade xeométrica da obra, polo que dito extremo, ao seu criterio, débese acreditar na acta de replanteo e certificación do seu resultado polo técnico correspondente.

Aberto o turno de intervencións(.../....)

Rematadas as intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2009, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Tres (3), (dos Sres López Rodríguez, Lourido González e Sánchez Martínez)

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Tres (3), (dos Sr/Sras. Pico Sanmartín, Roca Requeijo e Fornos Corral).

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai unha emenda, de data cinco de xaneiro de dous mil dez, ao ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial en adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data catro de novembro de dous mil nove que, transcrita di:

“ENMENDA AO DICTÁME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 4 DE XANEIRO DE 2010.

De conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e á vista de que no ditame anteriormente referido figura na parte dispositiva a posta disposición da Deputación dos terreos da rúa da Pomba de titularidade municipal a efectos de execución das obras proxectadas no referido vial, tal e como sinala o enxeñeiro municipal no seu informe de data 31 de xullo de 2009 obrante no expediente, esta Alcaldía presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 4 DE XANEIRO DE 2010:

Na parte dispositiva:

Modificar o apartado Cuarto no seguinte senso:

Onde dí:

“**Cuarto.-** Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, así como da dispoñibilidade dos terreos necesarios.”

Debe dicir:

“ **Cuarto.-** Poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña os terreos da rúa da Pomba de titularidade municipal a efectos de execución das obras proxectadas que afectan a dito vial, sen que o anterior implique cesión de titularidade a favor da Deputación.” .

Engadir un apartado Quinto, do seguinte tenor tenor literal:

“**Quinto.-** Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña”.

Fene, 5 de xaneiro de 2010.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

A continuación, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, expón que con respecto a emenda é unha falta máis da pasividade e a falla de iniciativa do goberno e concretamente da Concellería de Obras que na Comisión Informativa descoñecía a razón pola que se pedía a dispoñibilidade de terreos desta obra; que lle parece bastante preocupante que se elabore un proxecto neste Concello e que despois de o modificar, cando se leva o proxecto a aprobar, non se saiba que se modifica; que hai unha modificación que é unha ampliación do proxecto, que se solicita a Deputación, que se trata do Camiño da Pomba ,o que o concelleiro de obras descoñecía cando o levou á Comisión o que lle parece escandaloso; que con respecto as beirarrúas do proxecto novo, dende o BNG teñen claro que o goberno perdeu tres meses, tal e coma se ve na Proposta da Alcaldía, xa que a Deputación remitiu o documento o vinte e nove de setembro e leva á Comisión o trinta de decembro, tres meses perdidos nos que o expediente podería estar tramitado e remitido para a contratación da Deputación en vez de estar na cola dos proxectos provinciais; que lamentan moitísimo esta lentitude e van votar a favor do proxecto xa que como Corporación, e por respecto aos veciños, teñen que rematar esa obra segundo o acordo xa adoptado en 2007, pero piden dende o grupo do BNG moita máis axilidade e dilixencia na tramitación dos expedientes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que se van abster aínda que dende hai tempo nunca lle deron para atrás a ningunha obra neste Concello, pero vanse abster porque non queren participar neste fiasco administrativo, fiasco administrativo que teñen denunciado en prensa dende hai moitos meses, e o reitera neste Pleno; que este proxecto non ten dotación presupostaria da Deputación; que como xa se dixo cando este proxecto foi a Comisión o día doce de xuño de dous mil nove se di que esta aprobación inicial ten o carácter dunha mera programación que non xenera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que

existe crédito axeitado e dabondo e se aprobe definitivamente o Plan; que isto o veñen dicindo un cento de veces e non se lles fixo caso ningún; que así coma outras veces teñen dito que efectivamente o Concello non tiña ningunha responsabilidade nese retraso que se está a producir polos problemas que houbo, agora saben que o proxecto está paralizado no Concello precisamente dende o momento en que Deputación solicitou a remisión deste acordo plenario que sucede en data vinte e nove de xullo; que é máis, tiveron unha Comisión de Desenvolvemento ordinaria e o grupo de goberno foi incapaz de levar este asunto á Comisión ordinaria, e logo pasaron outras tres comisións ordinarias e houbo que convocar, á presa e correndo, unha Comisión extraordinaria e traer agora a Pleno a última hora esta modificación do acordo; que se van a abster porque con esta abstención, aínda que o BNG vote en contra garanten que proxecto sae adiante, pero non participan neste fiasco administrativo, porque a deixadez neste asunto é unha cuestión supina; que se non fose así votarían a favor para que o proxecto saíse adiante.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que é certo que se aprecia un atraso na entrega da documentación; que vai votar a favor do proxecto; que non entende por parte da Administración, concretamente por parte da Deputación, que pide que se volva asinar a primeira entrega, dun documento que xa se había feito; que a documentación está aquí dende setembro e isto é criticable politicamente.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta que quere puntualizar unha ou dúas cousas; que o grupo de goberno entendía que a cesión de terreos estaba feita ; que dende un primeiro momento, nas conversas coa Deputación lles dixeron que o que había que facer era, por parte da Deputación, resolver a adxudicación que estaba feita á empresa orixinaria, facer unha nova licitación e tirar para adiante coa obra; que cando a Deputación lles remitiu o expediente foi cando o grupo de goberno tivo coñecemento do asunto e se empezou a tramitar; se fixeron os informes previos e preceptivos e cando o expediente estivo completo se trae a Pleno para a súa aprobación; que puido ser máis ou menos axil; que eles tamén comparten a idea de que se podía facer dun xeito máis áxil, que se puido facer moito antes do que se fixo; que en todo caso é a realidade coa que xogan e non houbo pasividade do grupo de goberno neste asunto; que se resolve un problema gordo que teñen enriba da mesa e que seguirán téndoo ata que a obra estea feita e a Deputación remate a obra, obviamente con anos de retraso.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o tema da cesión non é certo, xa que houbo unha modificación do proxecto, e si se modifica o proxecto e se inclúen novos terreos sobre os que actuar, é lóxico que a Deputación actúe correctamente e pida a dispoñibilidade destes terreos; que o que saca de conclusión deste Pleno é saber quen pediu que se incluíse o camiño da Pomba, xa que se o propio Alcalde cría que xa estaba todo, pregunta quen inclúe este camiño, quen redacta o proxecto, con qué iniciativa, quen impulsa aquí as cousas; que ten outra curiosidade verbo de cómo se tramitan aquí as cousas; que o Concelleiro de Obras aquí dixo no último Pleno que se perderan os papeles, non é que fora lento, é que o rexistro perdeu os papeis, que dende o vinte e nove de setembro non se sabían en qué instancia do Concello estaban; que dubida moito que os funcionarios e funcionarias deste Concello perdan os papeis, e máis deliberadamente, pero en todo caso a Deputación tamén ten un responsable desta área, que ademais pertence ao partido político do grupo de goberno e parece que deberían comunicarse vía email ou telefónicamente; que non lle parece razoable que se tarden tres meses en traer isto a Pleno, xa que a calquera técnico desta casa se lle pide un informe e nunha semana ou en quince días os ten feitos para levalo a unha convocatoria extraordinaria da Comisión e levalo ao seguinte Pleno; que a Deputación se tivera isto aprobado no seu poder podería telo incluído no seu Plan de Obras do ano dous mil dez e ao non terse feito así terán que esperar a que existan remanentes na propia Deputación para poder facer a obra e van seguir

tardando, e xa non vai ser responsabilidade dunha empresa senón que vai ser responsabilidade política por lentitude, por abandono, por deixación de funcións; que non é lento porque o mundo vaia lento, senón por falta de querer facer as cousas; que lle quere dicir ao grupo do PP que se está de acordo coa obra que a vote a favor e que se non está de acordo coa obra que a vote en contra; que a parte administrativa do expediente é como é e el ten claro que existen responsables; que outra cuestión é aprobar o expediente que é necesario para os veciños de Barallobre e para tódolos veciños que pasan por aí, polo que van apoiar a proposta pero deixando claro que o Concelleiro de Obras e o propio Alcalde teñen que poñerse as pilas para que isto non sexa un desastre.

A continuación pide a palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que dende o grupo municipal do PP asumen a recomendación que lles fan dende o BNG e son capaces de reconsiderar a súa postura; que tamén oíron na Comisión que ese papel se perdeu, é máis, oíron do propio concelleiro que foi él á propia Deputación a xestionar isto, cando todos poden ver que o documento da Deputación está aí, con data de entrada vinte e nove de setembro; que non lle gusta que se lle vote a culpa aos funcionarios.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que para el se a Deputación inicia unha obra é porque as cesións están feitas.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da emenda, de data cinco de xaneiro de dous mil dez, ao ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data catro de xaneiro de dous mil dez, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial en adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data catro de xaneiro de dous mil dez coas modificacións que resultan da emenda aprobada, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data catro de xaneiro de dous mil dez coas modificacións que resultan da emenda aprobada quedando a parte dispositiva do mesmo do seguinte tenor literal:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico “TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O P.K. 0+400 Ó P.K.1+200 (FENE)” e autorizar á Deputación para que proceda á execución das obras, de conformidade coas bases da Deputación da Coruña para o Plan de Travesías 2008-2011.

Segundo.- Adopta-lo compromiso de aceptación das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

Terceiro.- Delegar no Alcalde-Presidente a formalización do correspondente convenio.

Cuarto.- Poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña os terreos da rúa da Pomba de titularidade municipal a efectos de execución das obras proxectadas que afectan a dito vial, sen que o anterior implique cesión de titularidade a favor da Deputación.

Quinto.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACION DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2008

O presente expediente ten por obxeto a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2008 do Concello de Fene.

Cumprimentado o trámite legal de exposición ó público de dita Conta Xeral previsto no art. 212 do TRLRFL, aprobado por RDL2/2004, de 5 de marzo e non habéndose presentado ningunha reclamación, procede elevar ó Pleno, co dictame favorable da Comisión Informativa de Contas a seguinte proposta de acordo:

1º Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2008 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

Fene, a 30 de decembro de 2009.

O Alcalde

Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2009, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 30 de decembro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

(Neste momento auséntase do Salón de sesións o Sr. Concelleiro Don Edgar Antonio Vigo López).

4º.- DACCIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE CAIXA NOVA RELATIVO AO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NESA ENTIDADE.

Seguidamente intervén o Alcalde-Presidente quen manifesta que hai un erro na orde do día xa que o escrito é da entidade Caixa Galicia e non Caixa Nova, pasando de seguido a dar conta do escrito de Caixa Galicia de data 30 de novembro de 2009 (entrada de data 18/12/2009, núm. rexistro 15714), no que expón que en relación co escrito remitido a súa entidade, de data 25 de novembro de 2009, e rexistro de saída número 4607, relativo ao nomeamento de representante do Concello de Fene na persoa de Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, coma titular e Don Iván Puentes Rivera, coma suplente, informa que non rematou o mandato irrevogable do actual conselleiro Don Xosé María Permuy Martínez, previsto para abril ou xuño de 2010 e que de manterse o dereito a nomear conselleiro, segundo o volume de depósitos, no proceso electoral en curso, o presidente de Caixa Galicia dirixirase ás

Corporacións con dereito para facelo para que procedan, como é habitual, ao seu nomeamento, trámite que tería lugar entre xaneiro e febreiro de 2010, de non variar a regulamentación actual, polo que comunica que nese momento non se pode inscribir á persoa que lle notifican.

Prosegue o Sr. Alcalde-Presidente e anuncia que o escrito ven a conta en relación ao acordo que tomou o Pleno fai unhas sesións en canto aos representantes do Concello en distintos organismos, polo que anuncia que se dan por enterados, e que cando remate ese mandato, Fene con toda a tramitación da nova Lei de caixas e demais, segue contando cun representante no Consello de Administración de Caixa Galicia, e se elixirá oportunamente.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM 1024 E 1027 RELATIVAS AO CESE COMO PERSOAL DE CONFIANZA DE DON XAIME MENDEZ E RUT OJEA REYES.

Seguidamente dáse conta das Resolucións da Alcaldía núm. 1024/2009, e 1027/2009 de datas 30 de decembro de 2009, que transcritas din:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1024/2009.

Resultando que por Resolución da Alcaldía núm 884/2007 de data 6 de novembro de 2007, resolveuse nomear a Don Xaime Méndez Rico con D.N.I. núm 32672918-S, como persoal eventual para desempeña-lo posto de Auxiliar de Apoio ao goberno Municipal con efectos do día 7 de novembro de 2007.

Considerando que corresponde ao Alcalde a provisión destes postos de traballo, e o seu ceso, consorte as atribucións conferidas polo artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a Don Xaime Méndez Rico, con D.N.I. núm 32672918-S como persoal eventual con efectos do día 30 de decembro de 2009, e proceder a cursar a correspondente baixa na Seguridade Social.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ao interesado e dar traslado da mesma á Intervención e á Tesourería Municipal.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Fene, a trinta de decembro de dous mil nove.

O ALCALDE

Asdo. - Iván Puentes Rivera.

D.S.O.

A SECRETARIA Acctal,
Asdo.- Ana M^a Vázquez Menéndez.”

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1027/2009.

Resultando que por Resolución da Alcaldía núm 869/2007 de data 22 de outubro de 2007, resolveuse nomear a Dona Rut Ojea Reyes on D.N.I. núm 44083723-Z como persoal

eventual para desempeña-lo posto de responsable de comunicación con efectos do día 23 de outubro de 2007.

Considerando que corresponde ao Alcalde a provisión destes postos de traballo, e o seu ceso, consorte as atribucións conferidas polo artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a Dona Rut Ojea Reyes , con D.N.I. núm 44083723-Z como persoal eventual con efectos do día 30 de decembro de 2009, e proceder a cursar a correspondente baixa na Seguridade Social.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ao interesado e dar traslado da mesma á Intervención e á Tesourería Municipal.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Fene, a trinta de decembro de dous mil nove.

O ALCALDE

Asdo. - Iván Puentes Rivera.

D.S.O.
A SECRETARIA Acctal,
Asdo.- Ana M^a Vázquez Menéndez.”

6º.- RESOLUCIONS DA ALCALDÍA.

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 954/09, do 30 de novembro de 2009 e a número 1030/2009 do 30 de decembro de 2009.

7º.- MOCIÓNS URXENTES.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai dous asuntos urxentes, un do grupo de goberno e unha moción do conxunto dos grupos políticos da Corporación; que comezarán coa proposición que presenta á Alcaldía e logo coa que presenta o conxunto de grupos políticos.

7º.1.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 5 DE XANEIRO DE 2010, RELATIVA A NECESIDADE DE PROCEDER AO URXENTE NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS INTERINOS/AS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS (UN/UNHA ADMINISTRATIVO/A E UN/UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A).

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente procede a dar lectura da proposición de Alcaldía de data 5 de xaneiro de 2010, que transcrita di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Vista a necesidade existente de proceder ao urxente nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (un /unha adminsitrativo/a para reforza-los servizos administrativos na tramitación dos expedientes financiados con cargo ao Fondo Estatal para o emprego e a sostenibilidade local 2010, e unha auxiliar administrativa para proceder á posta

ao día das actas das sesións dos órganos colexiados e dos Libros oficiais de actas e Resolucións da Alcaldía).

Atendido que , dado que no suposto de nomeamento de funcionarios/as interinos/as por exceso ou acumulación de tarefas non existe praza nin posto de traballo, circunstancia pola cal, as retribucións complementarias do posto non están determinadas, sendo competencia do Pleno da Corporación, consonte o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local a determinación das mesmas.

Atendido que as funcións a desenvolver polos/as funcionarios/as interinos cuxo nomeamento se pretende son as seguintes:

Administrativo/a: Realización de tarefas administrativas de estudo, xestión, trámite e colaboración na tramitación dos expedientes financiados con cargo ao Fondo Estatal para o emprego e a sostenibilidade local; manexo de ordenadores e máquinas de cálculo sinxelas para a confección dos documentos requeridos polas funcións encomendadas.

Auxiliar administrativo/a: Realización de tarefas de mecanografía, taquigrafía, manexo de ordenadores e máquinas, arquivo de documentos e outras similares, todo elo en relación á confección de actas e dos Libros oficiais de actas e de Resolucións da Alcaldía para proceder á súa actualización.

Atendido que as funcións a desenvolver polos funcionarios/as interinos a nomear e anteriormente relacionadas son similares ás funcións dos postos de administrativo e auxiliar administrativo, respectivamente que figuran nas fichas dos postos de traballo do documento denominado "Relación de postos de traballo", aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 30 de decembro de 1997, polo que se considera convinte asimilar o complemento de destino e específico dos funcionarios/as interinos/as que se nomeen por exceso ou acumulación de tarefas aos que teñen asignado os/as funcionarios/as de carreira deste Concello.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Establece-las seguintes retribucións complementarias que percibirán os/as funcionarios/as interinos/as que se nomeen por exceso e acumulación de tarefas e que desenvolvan os postos de traballo que a seguir se especifican se especifican :

Denominación do posto: Administrativo/a

- Nivel de complemento de destino: 20
- Complemento específico: 504,63 € mensuais.

Denominación do posto: Auxiliar administrativo/a

- Nivel de complemento de destino: 18
- Complemento específico: 505,72 € mensuais.

Para o caso de que durante a interinidade se aprobe unha relación de postos de traballo, o complemento de destino e o específico dos citados postos será o que se fixe para os/as funcionarios/as de carreira.

Fene, 5 de xaneiro de 2010.
O ALCALDE
Asdo: Iván Puentes Rivera."

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se trata dunha proposta que ten por obxecto aprobar as retribucións das dúas persoas que se pretende contratar por parte do Concello de xeito temporal para os vindeiros meses, un administrativo para contratación para suplir á funcionaria que deixou vacante esta praza, que coma todos os grupos políticos saben está de baixa, e para sacar adiante o novo Plan E, hipotecando o menos posible o funcionamento normal da Administración, e un auxiliar administrativo para facer labores de redacción de actas e confección dos libros de actas, para sacar adiante o traballo que hai nesta área; que xa que estas prazas non están no cadro de persoal do Concello, segundo os informes de Secretaría e Intervención, o que procede é que sexa o Pleno o que determine as retribucións que van ter estas persoas, coma se fixo tamén noutras ocasións, e a proposta que trae a Alcaldía é que cobren coma están a cobrar os demais traballadores do Concello que están a desenvolver responsabilidades semellantes; que a urxencia ven determinada polo inicio do procedemento e do trámite deste novo Plan E deste ano, que require en contratación un traballo importante e para poder ter este asunto listo e iniciado dende o primeiro momento.

Deseguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as presentes.

Aberto o debate o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra ao Sr. Polo Gundín quen manifesta que dende o BNG o que demandan é que as Comisións Informativas existen para algo, e que o lóxico é que isto fose a unha Comisión Informativa de Persoal, onde se deran as explicacións oportunas e o BNG, normalmente, apoiaría esta proposta; que no caso desta proposta traída deste xeito ao inicio do Pleno é polo que se van a abster, xa que non son as formas; que entenden que hai unha Concellería de Persoal que debe estar xestionando todo o relativo a persoal e non entenden como se fan as cousas así, tarde, mal e a rastro; que comparten, xa que coñecen o funcionamento administrativo desta casa, que hai necesidades de reforzar algunhas áreas, pero tamén as había hai un ano ou dous anos, pero as cousas hai que facelas cun procedemento máis axeitado.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, expón que dende o PP tamén se van a abster, xa que non son os modos nin as formas de facer estas cousas; que se traen as cousas a última hora e logo se pide colaboración, e neste caso a súa colaboración é coa abstención, máxime sabendo que teñen aí, dende hai bastante tempo, a relación de postos de traballos que confeccionou a Deputación, proposta da que non saben nada; que comparten que o exceso de traballo administrativo que conleva o Plan E pode aconsellar a contratación destas persoas, pero que hai modos e formas legalmente establecidos para facelo e non así tan a presa, polo que se van a abster.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que coincide en que este asunto debeuse levar á Comisión e que espera que estas cousas non volvan a suceder.

(Neste momento reincorpórase ao Salón de sesións o Sr. Concelleiro Don Edgar Antonio Vigo López).

Continúa o Sr. Sánchez Martínez a súa intervención e manifesta que se ben se abstendría, como se trata dunha cuestión que hai que facer, vai votar a favor.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere puntualizar que o grupo de goberno é partidario de tratar os asuntos en Comisión Informativa sempre, e de feito, así se fai no noventa por cento dos casos; que neste caso son partidarios de levalo tamén á Comisión, pero esta mañá tiveron coñecemento de que verbo do salario é preciso adoptar

este acordo e parecélles oportuno traelo a este Pleno coma urxente para non esperar un mes máis á contratación, coma se dixo na xustificación da urxencia, para poder comezar o Plan E ,que xa comeza neste mes de xaneiro; que é por iso que o seu voto vai ser a favor.

Deseguido pide o uso da palabra a Sra.Secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que en relación á proposición da Alcaldía emitíuse a Nota informativa de secretaría 1/2010 na que se informa desfavorablemente dita proposición. A devandita nota informativa, transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

1/2010

Téndose presentado nesta Secretaría proposición da Alcaldía de data 5 de xaneiro de 2010 na que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Establece-las seguintes retribucións complementarias que percibirán os/as funcionarios/as interinos/as que se nomeen por exceso e acumulación de tarefas e que desenvolvan os postos de traballo que a seguir se especifican se especifican :

Denominación do posto: Administrativo/a

- *Nivel de complemento de destino: 20*
- *Complemento específico: 504,63 € mensuais.*

Denominación do posto: Auxiliar administrativo/a

- *Nivel de complemento de destino: 18*
- *Complemento específico: 505,72 € mensuais.*

Para o caso de que durante a interinidade se aprobe unha relación de postos de traballo, o complemento de destino e o específico dos citados postos será o que se fixe para os/as funcionarios/as de carreira.”,

en uso das atribucións conferidas á Secretaría da Corporación polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes observacións:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame do asunto, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que as consideracións que seguen poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas .

Sentado o anterior , en relación ao asunto, fanse as seguintes consideracións:

Na proposición da Alcaldía, como se indicou, propónse ao Pleno da Corporación establece-las retribucións complementarias a percibir polo funcionarios/as interinos que se nomeen por exceso e acumulación de tarefas para os postos de administrativo e auxiliar adminsitrativo/a, sinalando na parte expositiva da proposta que: “Atendido que as funcións a desenvolver polos funcionarios/as interinos a nomear e anteriormente relacionadas son similares ás funcións dos postos de administrativo e auxiliar adminsitrativo, respectivamente que figuran nas fichas dos postos de traballo do documento denominado “Relación de postos de traballo”, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 30 de decembro de 1997, polo que se considera convinte assimilar o complemento de destino e específico dos funcionarios/as interinos/as que se nomeen por exceso ou acumulación de tarefas aos que teñen asignado os/as funcionarios/as de carreira deste Concello.”

En relación a dita proposición cómpre sinalar o seguinte:

Na proposición se propón establece-las retribucións complementarias dos postos á que a mesma se refire sen que conste unha previa valoración obxectiva dos postos de traballo.

Por outra banda, e dado que na parte expositiva do acordo faise referencia a que as funcións a desenvolver polos/as funcionarios/as que se nomeen para os postos de administrativo e auxiliar administrativo/a son similares ás funcións dos postos de administrativo e auxiliar administrativo, respectivamente, que figuran nas fichas dos funcionarios/as interinos/as que se nomeen por exceso ou acumulación de tarefas aos que teñen asignados os/as funcionarios/as de carreira deste Concello”, reitérase o sinado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo da falta de valoración obxectiva dos postos de traballo do Concello (por ex. informes de 22 de xaneiro de 2008 e nota informativa de Secretaría 39/2008). Así, nos informes de 22 de xaneiro de 2008, por esta Secretaría sinalouse, entre outras cousas, o seguinte:

“...A elaboración e aprobación da valoración dos postos de traballo e da relación de postos de traballo, constitúe unha obriga da Corporación.

Así, o artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que as Corporacións locais formarán as relacións de postos de traballo existentes na súa organización nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública correspondendo ao Estado establecer normas con arranxo as cales haxan de confeccionarse as relacións de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente polo que se refire á promoción dos funcionarios a niveis ou grados superiores.

E o RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local dición que só poderán ser retribuídos polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984 (precepto éste último derogado pola disposición derogatoria da Lei 7/2007, có alcance establecido na disposición final cuarta); que o Pleno d Corporación dentro dos límites máximos e mínimos sinalados no parágrafo 1 do artigo 3 asignará nivel a cada postos de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servicios en que esté situado o posto; que o estalecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración dos postos de traballo atendendo ás circunstancias expresadas no número 1 do artigo 4, e que efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía, figurando no presuposto a cantidade global destinada a asignación de complementos específicos.

Dacordo coa normativa anteriormente citada, se impón ás Corporacións locais a formación das súas relacións de postos de traballo, con inclusión en todo caso da denominación e características esenciais dos postos, os requisitos esixidos para o seu desempeño e as retribucións complementarias que lles corresponda; determinándose en dita relación de postos de traballo o nivel de complemento de destino correspondente a cada un deles, así como os postos de traballo aos que corresponde o complemento específico e a súa contía, previa valoración dos postos de traballo, evidenciando a normativa a necesidade da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo (e da previa valoración dos postos en caso de complemento específico) para a determinación da procedencia e cuantificación das retribucións complementarias citadas (complemento de destino e complemento específico).

Resulta, polo tanto, que a elaboración e aprobación (previa negociación) da valoración dos postos de traballo e da relación de postos de traballo pola Corporación constitúe, como se sinalou, unha obriga xurídica, como sinala a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga, Sala do Contencioso-administrativo de data 26 de xaneiro de 2007, na que no seu fundamento de dereito quinto e sexto sinala:

“... De cuanto antecede puede afirmarse la obligatoriedad del hecho mismo de la elaboración de la RPT en el caso que nos ocupa. Así, y aunque podría pensarse que la previsión del artículo 16 d ela Ley 30/1984, de Reforma de la Función Pública (“Las Comuniades Autónomas y la Administración Local formarán también la relación de puestos de trabajo existentes en su organización, que deberán incluir en todo caso la denominación y características esenciales de los puestos, las retribuciones complementarias que les correspondan y los requisitos exigidos para su desempeño”), constituye una de esas obligaciones u “habilitaciones genéricas” en las que la discrecionalidad de la Administración se extiende también al quando, lo cierto es que no puede olvidarse que toda actuación adminisitrativa,

incluída la discrecional, ha de tener su límite en el principio de la buena fe y en el principio constitucional de interdicción de la arbitrariedad de los poderes públicos.

Es decir, la no elaboración por el Ayuntamiento de la Relación de Puestos de Trabajo supone el incumplimiento de una obligación jurídica. Si tenemos en cuenta que tal incumplimiento no sólo es contrario a la más elemental exigencia de buena fe y, lo más importante, que constituye un innegable perjuicio a derechos e intereses legítimos, resulta inevitable, en aras de la salvaguarda del derecho a la tutela judicial efectiva y, fundamentalmente, del principio pro actione- principio que según reiterada jurisprudencia del Tribunal Constitucional y del Tribunal Supremo ha de inspirar la interpretación y aplicación de supuestos como el que nos ocupa- condenar al citado Ayuntamiento a la elaboración de la tan mencionada Relación de Puestos de Trabajo.

SEXTO.- De las consideraciones que preceden debemos concluir que procede la estimación del recurso interpuesto habida cuenta la inactividad de la Administración demandada, condenando al Ayuntamiento de Torremolinos a la tramitación, elaboración y aprobación de la Valoración y Relación de Puestos de trabajo en el plazo de seis meses desde la notificación de la presente Sentencia, que deberá ser objeto de negociación en la parte o medida que afecte a la determinación y aplicación de las retribuciones de los funcionarios públicos, a la clasificación de puestos de trabajo, y a los sistemas de ingreso, provisión y promoción profesional de los funcionarios públicos, todo ello conforme a lo dispuesto en los artículos 70.2 y 71 de la Ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa; no apreciándose méritos suficientes en atención a lo previsto en el artículo 139 del mismo cuerpo legal para considerar procedente un pronunciamiento especial sobre las costas de esta instancia. En todo caso, la eficacia del Fallo de esta Sentencia queda lógicamente condicionada a la posibilidad de que durante la sustanciación de este recurso haya sido ya aprobada por parte del Ayuntamiento de Torremolinos la valoración y relación de puestos de trabajo a la que se contrae dicho Fallo condenatorio.”

Sentado o anteiror en relación á RPT existente no Concello, á vista do expediente relativo á aprobación da mesma facilitado a esta Secretaría pola arquivreira municipal cómpre sinalar- coas cautelas que se derivan do feito de que o expediente facilitado non se atopa numerado nin rubricado en todas as súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación, tal e como dispón o artigo 164.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro nin contén un índice e as que se derivan do feito de que a que subscribe tomou posesión do seu posto de Secretaria deste Concello en data 17 de abril de 2006, polo que descoñece con exactitude á situación anterior- o seguinte:

No expediente examinado consta un documento denominado “Relación de postos de traballo” que consta de 36 planas en cada unha das cales figura un selo acreditativo da súa aprobación polo Pleno da Corporación en data 30 de decembro de 1997 e unha sinatura, así como unha certificación expedida pola Secretaria accidental do Concello do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en data 30 de decembro de 1997, relativo á aprobación da relación de postos de traballo do persoal ao servizo do Concello tal e como figura no expediente.

Verbo de dito documento cómpre sinalar que o mesmo non se atopa actualizado, xa que non contempla tódolos postos de traballo existentes na actualidade no Concello, resultando, por outra banda, que os complementos de destino en algúns casos e o específico non se axustan aos actuais, o que pon de manifesto, a xuízo da que subscribe, que se tiveron realizado modificacións dos mesmos sen modificación da relación de postos de traballo o que supón unha infracción de normativa de aplicación

Por outra banda, no expediente examinado, e coas cautelas anteriormente citadas, non consta documentación debidamente dilixenciada acreditativa da valoración dos postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación, valoración ésta que debería ser previa ou simultánea á aprobación da relación de postos de traballo polo Concello, e sen a cal, a asignación dos complementos específicos dos postos carece dunha xustificación obxectiva.

Resulta, polos motivos expostos, que a relación de postos de traballo aprobada polo Pleno do Concello, polo que respecta á asignación dos complementos específicos carece dunha xustificación obxectiva ao non constar aprobada previa ou simultaneamente unha valoración dos postos de traballo que xustifique os complementos asignados a cada un, e polo que respecta aos complementos de destino asignados, non consta tampouco xustificada a asignación dos mesmos. Por outra banda, como se indicou anteriormente, a RPT non se atopa actualizada.

Polo exposto na presente consideración, a xuízo da que subscribe cómpre que polo Concello se proceda á valoración dos postos de traballo e elaboración da relación de postos de traballo que fixe as retribucións complementarias de cada un deles en función da súa valoración e, previa negociación, a aprobación das mesmas polo Pleno da Corporación.....”

A funcionaria que subscribe se ratifica no informado nos informes e nota citados, polo que se reitera que cómpre que polo Concello se proceda á valoración obxectiva dos postos de traballo e elaboración da relación de postos de traballo que fixe as retribucións complementarias de cada un deles en función da súa valoración obxectiva (extremos éstos que descoñece a que subscribe se están realizados ao día da data por canto non se lle entregou documentación algunha sobre o particular)e, previa negociación, a aprobación das mesmas polo Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, tendo en conta que como se indicou , non consta documentación debidamente dilixenciada acreditativa da valoración dos postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación e sen a cal, a asignación dos complementos específicos dos postos que figura no documento denominado “ Relación de postos de traballo” carece dunha xustificación obxectiva, e que tampouco se atopa xustificada a asignación dos complementos de destino, e toda vez que na proposición da Alcaldía examinada se propón establecer como retribucións complementarias (complemento de destino e específico) dos funcionarios/as interinos/as que se nomeen por exceso e acumulación de tarefas para os postos que indica, as mesmas dos funcionarios/as de carreira do Concello, por esta Secretaría infórmase desfavorablemente dita proposición.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa caro(4) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polas limitacións que se derivan do sinalado na cuestión previa da presente, requiren dun exame máis exahustivo do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ampliadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa aplicable.

Fene, 7 de xaneiro de 2009.

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

Continúa a Sra. Secretaria e manifesta que consta no expediente Informe de Intervención de data 7 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO.- PROPOSTA DE FIXACION DE RETRIBUCIONS COMPLEMENTARIAS PARA OS/AS FUNCIONARIOS/AS INTERNOS/AS QUE SE NOMEEN POR EXCESO E ACUMULACION DE TAREFAS.

Vista a proposta de Alcaldía de 5 de xaneiro de 2010 relativa á proposta de fixación das retribucións complementarias para os funcionarios interinos que se nomeen por exceso e acumulación de tarefas así como a nota informativa 1/2010 da Secretaría municipal, esta Intervención suscribe na súa totalidade o xa manifestado pola Secretaría na nota informativa do expediente mencionado polo que se dan por reproducidas no presente informe as consideracións alí efectuadas.

Fene, a 7 de xaneiro de 2010.

A INTERVENTORA

Asdo.- Marta Roca Naveira.”

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposición da Alcaldía de data 5 de xaneiro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), (dos/as Sres./as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González, Rey Sampayo e Sanchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Nove (9), (dos/as Sres./as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral).

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposición da Alcaldía de data 5 de xaneiro de 2010 , que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7º.2.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS RELATIVA AO TRIXÉSIMO ANIVERSARIO DAS PRIMEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DA ACTUAL ETAPA DEMOCRÁTICA.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a moción se presenta coma colofón do acto de homenaxe que se celebrou para os concelleiros e concelleiras deses trinta anos de democracia; que a urxencia ven determinada por non irse demasiado lonxe desa data do 23 de decembro de 2009, cando se celebrou este acto de homenaxe; que o contido da moción xa está consensuado entre os distintos grupos municipais, e procede a dar lectura á moción, que transcrita di:

“Os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e EU-IU ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación ao TRIXÉSIMO ANIVERSARIO DAS PRIMEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DA ACTUAL ETAPA DEMOCRÁTICA, presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de abril de 1.979, tras o referendo maioritario da cidadanía á constitución de 1.978, celebráronse as primeiras eleccións municipais que abriron o camiño da normalización democrática en España e da vertebración política da sociedade española.

Nos últimos anos da década dos 70, o noso país recuperaba a democracia, celebrando unhas eleccións fundamentais nas que foron elixidos libremente os/as concelleiros/as e os/as alcaldes/as de todos os concellos do país.

A masiva participación electoral na xornada, supuxo a mellor lombeirada ao cambio político e ao desexo de inaugurar unha nova etapa democrática na historia de España. A constitución dos primeiros concellos foi unha festa da liberdade e da democracia que demostrou a madurez da sociedade española e galega.

Durante estes 30 anos, os Gobernos Locais melloraron significativamente o benestar social da cidadanía, prestándolle un número importante de servizos de calidade.

O cambio e o progreso experimentado nestes anos de democracia débense en gran medida ao traballo e ao esforzo dos máis de 300.000 alcaldes e alcaldesas e concelleiros e concelleiras que desempeñaron as súas responsabilidades ao longo destes 30 anos. Tamén,

polo apoio e a confianza dunha cidadanía comprometida co presente e o futuro dos seus concellos.

A resposta dada polos Concellos ás demandas da cidadanía foi fundamental para forxar a cohesión social, baseada na solidariedade e na igualdade.

As entidades locais foron líderes, na mellora da calidade dos servizos á cidadanía e á hora de proporcionar benestar e progreso.

A proximidade aos problemas diarios, vitais, inmediatos da xente, os que máis afectan á súas aspiracións e necesidades, unido ao coñecemento máis axustado do medio no que desenvolven as persoas os seus proxectos de vida, fixeron do ámbito local un espazo privilexiado para mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas.

A consolidación dos concellos foi unha das claves do acelerado avance da democracia no noso país, converténdose nunha escola de liderado e nun importante viveiro do que se souberon nutrir despois, outras administracións públicas.

Celebrar o 30 aniversario das primeiras eleccións municipais supón festexar o triunfo dos mellores valores democráticos cos que todos nos identificamos: o diálogo, a participación, a tolerancia, o compromiso, a responsabilidade, o benestar e o progreso que se resumen nun soa palabra: DEMOCRACIA.

Invocando aos escritos de Tocqueville, é certo que o municipio é por antonomasia unha escola de cidadanía, resultando ser o mellor escenario para a aprendizaxe cívica e a pedagogía política.

Aquel 3 de abril de 1979 o pobo de Fene tamén participou de xeito masivo nas eleccións locais, co desexo de democratizar o seu concello e a ilusión de poder elixir libremente por primeira vez en máis de 40 anos á súa representación política.

O resultado daqueles comicios foi a elección de 17 persoas como os primeiros concelleiros e concelleiras da actual etapa democrática, persoas que representabas a 6 grupos políticos e que tiveron ante eles o apaixonante reto de construír o novo concello de Fene, un concello democrático, un concello de todos e todas. Traballo que fixeron con notable éxito.

Dende aquela, máis de cen veciños e veciñas asumiron responsabilidades como concelleiros e concelleiras do goberno ou da oposición no Concello de Fene. Veciños e veciñas aos que hoxe tamén lles queremos render tributo polo seu traballo e a súa contribución á plena democratización do noso concello e do noso país.

Por todo o sinalado anteriormente, os Grupo Municipais do PS^{de}G-PSOE, BNG, PP e EU-IU presentan a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Fene, con motivo do trixésimo aniversarios das primeiras eleccións municipais dende a restauración da democracia no noso país, acorda.

1. Recoñecer o traballo a prol do noso concello e o compromiso cos valores da democracia e da liberdade de todos os concelleiros e concelleiras que foron elixidos polo pobo de Fene nas eleccións locais do 3 de abril de 1979 e que constituíron a primeira corporación municipal da actual etapa democrática.

2. Recoñecer e agradecer tamén o compromiso cívico co seu pobo de todos aqueles veciños e veciñas que ao longo deste 30 anos exerceron como concelleiros do goberno ou da oposición no Concello de Fene. o seu traballo foi fundamental para consolidar no noso pobo a democracia e a liberdade, así como para mellorar notablemente a calidade de vida de toda a nosa cidadanía.

Fene, 23 de decembro de 2009

Jose Antonio López Rodríguez
Voceiro do G.M. do PSdeG PSOE

Manuel Polo Gundín
Voceiro do G.M. do BNG

Gumersindo Galego Feal
Voceiro do G.M. do PP

Manuel Sánchez Martínez
Voceiro do G.M. de EU-IU

ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO”

Deseguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Aberto o debate o Sr. Alcalde-Presidente concede o uso da palabra ao Sr. Polo Gundín quen, manifesta que dende o BNG, con respecto á moción, recoñecen o traballo a prol da democracia e da liberdade de todos/as os concelleiros/as elixidos a partir do ano 1979; que queren facer mención especial ao anterior Alcalde Don José María Rivera Arnos, que deu exemplo, coma persoa íntegra e xenerosa, e o sigue dando no día a día a aqueles que non están acostumados á política; que tamén queren lembrarse de todos/as os/as concelleiros/as que hoxe non están entre eles e que si fixeron moito e que sementaron moito futuro en Fene, aos que están traballando na Institución e aos que seguen adicándose aos seus quefaceres diarios; que para eles todo o que entra nesta Institución é para cambiar o mundo, polo menos o mundo máis próximo, e que dende o BNG apoian e apostan porque se fagan este tipo de homenaxes polo que o seu voto vai ser favorable; que o que non lles gustou e así o comentaron na Comisión de Cultura foi que o acto por si mesmo no se tratase coma un Pleno extraordinario especificamente e que o acto poderíase facer moito mellor, con máis sentimento, cariño ou máis gusto; que con isto non queren quitarlle importancia ou brillantez ao o acto que están a celebrar, a isos trinta anos de traballo nunha Institución que en Fene foron moi proveitosos; que dende o ano 1979 Fene foi un Concello que avanzou moitísimo en moitos aspectos, e que dende o BNG pensan que hai un poso moi importante que as xeneracións futuras teñen que coñecer e recoñecer, pois se partía dunha falla absoluta de experiencia ,xa que hai corenta anos as liberdades individuais eran cero, así coma as liberdades colectivas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o seu voto vai ser favorable; que trátase dunha moción consensuada e por respecto institucional non vai dicir moito máis, por non ensombrecer o acto doutro día que podería estar moito mellor organizado e dende logo mellor planificado; que non se houbera convocado un Pleno extraordinario para aprobar a moción conxunta e ter que vir hoxe aquí, no primeiro Pleno ordinario do mes a aprobar isto e co salón así, para él é unha falla de respecto a tódolos concelleiros que formaron parte desas Corporacións; que cre que esquecerse de convocar un Pleno destas características xa é o último; que eles participaron nese acto institucional e non o van dicir, pero debería saír en prensa e saír aos catro ventos.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que trátase dunha moción conxunta e que vai votar a favor polo respecto que se merecen o Alcalde e tódolos membros das distintas Corporacións; que coma se ve todos

coinciden en que a organización do acto desgraciadamente fallou xa que houbo erros importantes que habería que corrixir para futuros actos.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o seu voto vai ser a favor; que tal e coma dixeron no acto celebrado agradecen, comprenden e valoran a transcendencia e importancia que tivo o traballo dos concelleiros/as ao longo destes trinta anos; que verbo da organización do acto aceptan, coma non podía ser doutro xeito, todas cantas críticas, propostas e ideas para mellorar houbese e haxa; que eles co propio acto en si quedaron satisfeitos, sempre coa idea de que pode ser mellorable; que a xente coa que faloron, os concelleiros que estaban presentes doutras corporacións cre que se marcharon agradecidos, contentos e animados pola celebración dun acto deste tipo e di que o goberno municipal decidiu convocar este acto porque lle parecía xusto organizalo; que se falou con tódolos grupos políticos para que aportasen tamén, coma así o fixeron, as propostas que tiveran ao respecto para poder facer un acto organizado e absolutamente consensuado; que están abertos a calquera tipo de iniciativa, proposta ou acto similar, mellor ou parecido doutros temas que neste Concello se queira organizar; que entende que, en todo caso, é un acto de unidade e consenso de tódolos grupos políticos polo que non vai afondar moito máis na discusión política sobre a organización ou non do acto e sobre como se poderían ou non ter feito as cousas.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción conxunta dos grupos municipais de data 23 de decembro de 2009, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a mocións conxunta dos grupos municipais de data 23 de decembro de 2009.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desexa facer os seguintes rogos:

- Que se rematen as actuacións iniciadas no camiño de Santiago.
- Que se dean os pasos axeitados para a retirada de vehículos abandonados, xa que observan que cada día hai máis.
- Que se poña ao día o Rexistro das Entidades Asociativas do Concello, xa que lles consta que hai, cando menos, media ducia delas sen rexistrar.
- Que se proceda á regulamentación do mercadillo de Perlío, bases xa estaban feitas polo anterior concelleiro de Promoción Económica, que era él mesmo, e que estaban a expensas de que saíse a Lei de comercio de Galicia e que saíu a finais decembro de 2009, e que non ven a mellorar nada este aspecto, tal e coma tiña previsto facer o BNG.

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e di que quere formular as seguintes preguntas:

- No mes de outubro preguntaron pola situación da empresa de informática que viña prestando o servizo neste Concello, e que verbalmente se lle notificou o cese dese servizo, polo que queren saber quen contratou e por cantos cartos se contratou así como quen autorizou a cesión dun local municipal para esta empresa informática porque non lles consta en ningún sitio que iso se fixese por ningún modelo de contratación ou acordo de cesión de local coma tiñan outras entidades que viñeron prestando servizos neste Concello coma era a empresa de recadación na que se recollía no propio prego a cesión dun local para prestar o servizo.

- Pregunta, en relación co que se aprobou no Pleno pasado de decembro un recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2009, cunha emenda aprobada do BNG no que se retiraba unha parte pequena do expediente, na que había unha serie de facturas das que eles querían unha explicación en Comisión; di que o 11 de decembro, uns días despois, entregaron por Rexistro unha solicitude para que a esa Comisión se incorporase un informe de Intervención sobre a totalidade das facturas pendentes de pagamento de exercicios anteriores ordenadas polo Alcalde, informe de Intervención coa relación das facturas abonadas ás empresas relacionadas na emenda ao expediente extraxudicial 1/2009 dos anos 2007, 2008 e 2009 e un informe de Intervención da persoa ou persoas que conformaron as facturas relacionadas co apartado anterior, e pedían iso para ter esa claridade que necesitaban na Comisión Informativa, e que a sorpresa é que nin se convocou a Comisión co cal pregunta qué pasou para non se convocar a Comisión Informativa de Facenda nin ordinaria, nin extraordinaria, para tratar este tema ni ningún outro no mes de decembro, porque se é urxente aprobar as facturas, un mes despois non é menos urxente.
- Cando teñen previsto levar algunha documentación, algunha orientación ou algunha idea dos orzamentos do ano 2010 á Comisión Informativa de Facenda, xa que oíu na radio municipal ao Sr. Alcalde dicir que antes de fin de ano, coma nunca se fixo dende o ano 1979, se ía a levar unha proposta de orzamentos, e ao BNG o que lle consta é que o que non se fixo dende o ano 1979 é prorrogar un orzamento 18 meses; que eles presentaron un documento precisamente antes do 31 de decembro cunhas bases que o BNG entende para os orzamentos do ano 2010; que sen data de orzamentos e sen uns datos mínimos é totalmente imposible traballar sobre elo.
- Pregunta por qué a Cabalgata de Reis saíu corenta e cinco minutos tarde e por qué houbo tanta falla de caramelos.
- Di que na oferta de emprego do ano 2008 había unha praza dun técnico de administración xeral que tardaron dezasete meses en convocar e cando se preguntou en Comisión se di que se vai a sacar cando xa estaba a convocatoria publicada no BOP ; pregunta cómo unha cousa que tarda dezasete meses se dá só oito días para presentar instancias e se publica en plenas festas navideñas.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que o tema dos voluminosos incontrolados é un tema que se ve mes tras mes, e que este mes de decembro houbo moitos incontrolados e pregunta por qué non houbo un plan de choque contra estas escombrecas e vertidos incontrolados, un plan de choque que ben se podería ter feito con medios propios ou alleos, xa que no acordo asinado con Urbaser había un día de recollida a maiores en datas de incremento de voluminosos e non se fixo uso dese servizo e que cos medios propios do Concello tampouco se fixo ningunha recollida puntual. Continúa dicindo que souberon que a empresa Urbaser foi rescindida do seu servizo de recollida de voluminosos en data 31 de decembro de 2009 que coma houbo Comisións ordinarias e extraordinarias e non se deu conta diso, queren saber qué está a pasar e pregunta se non é un tema importante para tratar en Comisión; que consideran que se é oportuno, o Presidente da Comisión a convoque para aclarar este tema. Di que na Comisión Informativa de 4 de xaneiro, o Presidente dou conta dos avances que houbo sobre o transporte metropolitano e das preguntas que lle fixo quedáronlle algunhas dúbidas xa que o Presidente non aclarou o que se conseguiu; que neste tema do transporte metropolitano pódese diferenciar dúas partes, unha xenérica para tódolos Concellos que se adhiran a ese Plan, no relativo ao as tarifas que paga a Xunta e o Concello, e, por outra banda, as necesidades que tiña cada Concello; que en Fene se aprobou unha Moción que contiña tres puntos de mellora, un primeiro punto que o Presidente explicou que non conseguira, relativo ao percorrido circular e no que seguiría a traballar nel, pero quedan dous puntos dos que pensa que o Presidente non sabía deles, polo que pregunta qué foi o que se adoptou; que é moi importante entrar no transporte metropolitano pero tamén é importante as necesidades que teñen os veciños e

veciñas de Fene que é poñer unha parada no centro de saúde de Tarrío e máis que se poñan autobuses a primeira hora da mañá para que se poidan facer analíticas no Arquitecto Marcide, polo que solicita unha explicación destes asuntos. Di que relación á queima de colectores, saben que na parroquia de Perlío hai colectores de papel que hai bastantes meses que non están no seu sitio polo que queren saber qué pasa e roga que a maior brevidade se repoñan.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que no Pleno de 1 de outubro fixeron unha serie de preguntas sobre a feira medieval, que foron presentadas por rexistro ao día seguinte, e que a día de hoxe non se lles contestou nada; que ao fío disto di que o BNG ten unha batería de preguntas feitas, moitas delas por rexistro, e que a día de hoxe non se lle contestou nada. Continua dicindo que ultimamente hai Comisións totalmente valeiras, e que nas Comisións nas que participa, só hai dous concelleiros do grupo de goberno que lles din cousas, polo que quere agradecerllo e citalos, o concelleiro de obras e o concelleiro de urbanismo; que o resto de concelleiros/as non din absolutamente nada e roga ao Sr. Alcalde que controle este tema, pois parécelle cando menos sospeitoso que algún concelleiro leve tres anos no goberno sen dicir absolutamente nada nas Comisións. Di que quere facer outro rogo, que máis que un rogo é unha súplica para pedirlle ao grupo de goberno que visite o Polígono Vilar do Colo e que vexan unha obra que está alí feita con cartos públicos para ver o mal que están as beirarrúas e residuais que saen polas beirarrúas, polo que roga ao Sr. Alcalde que adopte medidas que fagan falla; que o BNG se presta para axudar no que se precise, que se hai que facer algunha xestión co SEPES ou con outra entidade eles están aí para axudar; que queren axilidade nas xestións xa que se ven que isto continúa así terían que dicilo tamén na prensa, aínda que non lles gustaría, xa que se trata dunha propiedade que aínda que se pode dicir que é un trinta por cento privada, tamén hai moito de público e da pena ver como está aquilo, un polígono que a día de hoxe se atopa con beiravías levantadas e practicamente sen luz.

Continúa o Sr. Pico Sanmartín a súa intervención e manifesta que quere preguntar ao concelleiro de Urbanismo por qué hai dúas obras na Avenida Naturais, dúas obras que tiveron licenza no seu día, e que a día de hoxe están paradas, non se fixo a obra, unha ao lado do Roibén e outra ao lado do antigo San Bel; pregunta se as obras van continuar e que medidas se van tomar ; pregunta ao concelleiro de Obras se a día da data teñen algo avanzado en relación coas obras do POS 2007.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que en relación ás bases que se aprobaron por Resolución da Alcaldía de data 28 de decembro de 2009, relativa as subvencións ordinarias de actividades culturais deportivas do Concello quere saber si se sabe xa qué tipo de formulario van ter que cubrir as entidades para tramitalas e si se vai seguir co sistema que se levou ata o día de hoxe ou se vai haber algún tipo de cambio. Continúa a súa interevención e di que roga que se vaia pensando, cara ao ano que ven en outono, qué se vai facer coa caída da folla das árbores, pois cando chove estas acumúlanse na rede de sumidoiros e atáscanse producindo inundacións; que era bo ir fixándose neste extremo para cando chegue esta época do ano telo planificado.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en canto ao mercadillo de Perlío, unha vez aprobada a Lei de comercios, falouse coa Asociación de Veciños de Perlío para que ao longo deste mes poidan verse e elaborar este regulamento do mercadillo; di que verbo da cabalgata de reis, a cantidade de caramelos foi exactamente a mesma que a do ano pasado, coa soa diferenza de que este ano eran todos sen glute; que en canto ao retraso dicir que a cabalgata discorreu previamente da súa chegada a Perlío e a Fene, por tódalas parroquias do Concello de Fene dende as catro e media da tarde que comenzou en Barallobre e que en xeral foise cumprindo co horario de chegada as diferentes parroquias; que de feito en Sillobre, que era a penúltima se chegou con cinco minutos de retraso sobre o horario previsto, pero

que en Sillobre avariou un dos coches que ía na cabalgata, concretamente o que levaba a estrela e alí se tivo que esperar uns quince ou vinte minutos para saír de Sillobre e que chegou a San Valentín, onde había unha cantidade de xente bastante importante, ao igual que nas demais parroquias, e se entretivo un pouco máis para atender a tódolos nenos e nenas que había alí; que cando se chegou a Perlio se saíu con algo de retraso, que é certo; que consultado coa organización da cabalgata o que se dixo é que cara ao ano que ven, mantendo o percorrido polas parroquias, quizais habería que comezar un pouco máis cedo para tamén chegar un pouco máis cedo a Perlio e a Fene; que con respecto ao técnico de Administración Xeral e a oferta pública de emprego o Concello o primeiro que fixo o ano pasado en canto a oferta pública de emprego, foi sacar adiante os postos atrasados da oferta de emprego público do ano 2005 algo que se rematou practicamente no mes de setembro e que a partir de aí se comezará coa oferta e as prazas da actual etapa; que a praza de técnico de Administración xeral lles parecía especialmente urxente e importante polo que se ten falado en reiteradas ocasións, agora polo tema do Plan E, pero fundamentalmente para a Área de Urbanismo e os informes xurídicos preceptivos das licenzas que se tramitan no Concello; que por iso se apurou e se sacou o antes posible e non sabe se as datas poderían ter sido mellores ou peores, pero foron as máis urxentes que tiveron e puideron; que as solicitudes que se presentaron foron numerosas e dabondo, e que a día de hoxe, no rexistro aínda entrou algunha solicitude, incluso de fora de Galicia, é dicir, que houbo publicidade e coñecemento da praza; di que verbo do polígono industrial son conscientes da situación na que está ; que o primeiro que se fixo foi facer as labouras de desbroce na parte pública, sendo conscientes de que eles entenden que iso é algo que ten que facer e que deberá asumir no futuro o Ente de Conservación do polígono e o Concello na parte que lle corresponda como copropietario que é dese polígono; que en todo caso, ante a situación na que estaba, se falou co Concello de Cabanas, e se fixo unha labora de limpeza e desbroce das zonas públicas; que co Concello de Cabanas se fala permanentemente das labouras de mellora que se poden facer e el ten conversas e reunións puntuais co seu Alcalde para falar deste asunto; que nese contexto tómanse medidas coma a tramitación conxunta non, porque non é posible pero si sincronizada, de axudas para poder mellorar o cable de datos do polígono ou o alumeado e demais necesidades que ten; que verbo das beirarrúas levantadas, el a que coñece que peor está é a que está ao lado da gasoleira ,que está no termo municipal de Cabanas ,e a necesidade que hai agora é o tema do alumeado para conectar o pedazo de cable que falta pola estrada principal xunto outro tramo importante de cable que falta na parte de Cabanas; que a SEPES se lle ten remitido informes para executar as obras que xa tiñan comprometido e que sobre a maleza que hai nas fincas o Concello de Fene xa lle remitiu a tódolos propietarios de todas as parcelas unha orde de execución para que as desbrocen; que en todo caso son conscientes da situación e cren que se normalizará de todo cando se poida constituír o Ente de Conservación, para que en coordinación cos dous concellos e a SEPES se poida ter un polígono en mellores condicións das que poida estar neste momento.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido, manifesta que alégralle que o BNG pregunte en canto ao servizo de informática xa que o BNG sabe perfectamente como funcionaba este servizo ,que funcionaba sen ningún tipo de contrato ata agora; que a partir de agora vaise regularizar a situación e que as bases están a punto de tramitarse en Secretaría e Intervención para fiscalizar; que mentres tanto está a levar outra empresa, que por certo, pódese apreciar o cambio substancial que se observa perfectamente.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que sobre o expediente extraxudicial non teñen ningún problema en darlle na vindeira Comisión, se é posible, e afondar sobre a información desas facturas; di que en relación aos orzamentos, o compromiso foi feito, antes de rematar o bipartito para este exercicio en concreto, para presentar o borrador antes da xunta de decembro, o que non foi posible, pero que ao longo deste mes de xaneiro se intentará axustar o documento por parte

de Intervención ás propostas do goberno, e que será presentado aos diferentes grupos da Corporación para a súa discusión e suxestións, é dicir, que á maior rapidez posible terán un borrador; que verbo da cuestión das obras ás que se referiu o Sr. Pico Sanmartín, hai unha serie licenzas cuxas obras están paralizadas, concretamente estas dúas polas que se preguntaba; que para máis concreción do período de execución e demais datos dará conta na vindeira Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que con relación aos Plans do ano 2007 hai poucas novidades; que verbo do POS 2007, está feito o informe que se solicitou aos redactores do Plan, están solicitados os permisos ás distintas Administracións e están pendentes de que chegue algún xa que aínda non chegaron todos; que verbo ao PCP, a maiores dos permisos doutras Administracións, falta o informe que teñen que facer os redactores do Plan, que xa debería estar no Concello pero que por diversos motivos aínda non chegou; que segundo haxa novidades dará conta das mesmas na Comisión; que cando cheguen todos os permisos se remitirán á Deputación xunto co compromiso de facer a obra; que en relación aos voluminosos si que é certo, e detectouse que hai un incremento en todo o Concello; que se fixo unha recollida extraordinaria con Urbaser a maiores de tódalas que fan e pola que se pagou catrocentos euros por ela, se fixeron con recursos propios, pero que tampouco poden controlar o civismo da xente, porque no Cocallo se fixo unha recollida e ao día seguinte estaba aínda peor que cando se fixo a primeira, con restos incluso dunha gasoleira, xa que son cousas moi difíciles de ver; que na Comisión de novembro, lembra ter dito que estaban en negociacións tanto con Urbaser coma con Ultramic para debater que a partir de xaneiro iniciasen a recollida nova, xa que tiñan unha oferta moi boa de Ultramic, que se Urbaser non a melloraba sería aquela a que se levase a recollida de voluminosos e coma non houbo ningunha modificación ao respecto non se deu conta na Comisión; que as condicións son as mesmas, unha recollida semanal cunha xornada de dez horas, que será os mércores, quedando pendente de ver cando se prestará o servizo cando sexa festivo, se o día antes ou despois, e un desconto de setenta euros por tonelada no Punto Limpo; que estas condicións non foron melloradas por ninguén e se lle deu a concesión; que comezaron en xaneiro e que pensaba mencionar isto na Comisión deste mes; que verbo da queima dos colectores, se están a amañar e repoñer no sitio onde foron queimados; que de tódolos xeitos nalgúns sitios ,coma no economato de Perlio que xera bastante cartón ,se está indo ao propio economato ao recoller; que en relación á recollida dos particulares espera que ao longo deste mes quede amañado o asunto; que verbo do transporte metropolitano aclara que o chamaron para unha toma de contacto porque anteriormente tiñan outro interlocutor no Concello e que lle dixeron que todo queda igual agás o tema do circular, debido a problemas entre Tranvías e Arriba e polo custo; que non pechan a porta para futuras negociacións; que pouco máis ten que dicir xa que se mantén todo o que se tiña negociado; que agora mesmo o que hai é un convenio no Concello para renovar o anterior e mentres non se negocie o novo convenio; que seguiran a negociar , do que se dará conta nas Comisións, se hai novidades.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en relación a este último tema quere respostarlle á Sra. Roca Requeijo, que coma asinante do Convenio e consonte ao que dicía o concelleiro de Servizos, esta mesma semana chegou a proposta que fora falada na Comisión de prórroga do Convenio que está en vigor ata que a Xunta estude, valore, decida o que vai facer co novo Plan de Transporte Metropolitano que estaba xa enriba da mesa co anterior goberno galego para poder asinalo e que coma é ben sabido, quedou sen asinar por parte de tódolos Concellos porque houbo as eleccións e o posterior cambio de goberno; que en todo caso, o seu grupo municipal e o goberno asume o contido daquela moción que se aprobou, que se compartía ademais, e que será reivindicacións que eles terán enriba da mesa para plantexarllas á Xunta de Galicia para que as poña en práctica; que a día de hoxe o que hai é unha prórroga do Convenio do ano 2007, que foi cando se asinou o último, ata finais do ano 2010 ou de ser antes, ata que se

aprobe o novo Plan Metropolitano de Transportes; que o que ven con certa preocupación é que esa liña circular que dá a volta á ría, e que lles pon en contacto co Polígono da Gándara que era o que estaba pechado coa anterior Xunta de Galicia, agora se poñe en cuestión; que en todo caso se negociará este novo convenio de cara a poder incluír estes aspectos.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa, quen unha vez concedido, manifesta que en relación coa pregunta do Sr. Vigo López verbo das bases das subvencións de actividades culturais e deportivas, bases que non se cansou de dicir que el tiña preparadas e modificadas, respóndelle que esas bases non foron preparadas nin miradas, xa que cando se fixo cargo do Departamento, por parte de Intervención e máis o responsable do Departamento de Cultura tiveron que modificar esas bases adaptándoas un pouquiño a coma está a vida real; que a finais de ano se viron coa urxencia de as ter que aprobar e que se fixo por Resolución de Alcaldía; que nos vindeiros días facilitarán un texto ás diferentes entidades culturais e deportivas para que poidan presentar as instancias en tempo cando se abra o prazo; que de tódolos xeitos, na Comisión de Dinamización Social presentaran toda esta documentación aos diferentes grupos.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Vigo López, quen unha vez concedido, manifesta que o que preguntou non era si se fixeran ou non, senon se para a xustificación vaise ter que utilizar o mesmo impreso ou se vai variar.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa, quen unha vez concedido, manifesta que vaise variar.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín, quen unha vez concedido, manifesta que non quere entrar en debate ningún, nin moito menos, pero que se quere o Sr. Alcalde mañá mesmo as nove da mañá reúnen e visitan o Polígono de Vilar do Colo.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que visita case a diario o polígono, e que sería un pracer pasear co Sr. Pico Sanmartín polo polígono mesmo.

O Sr. Pico Sanmartín pide novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, di que se deprime moito ao pasear por alí xa que hai moitos millóns de cartos públicos enterrados; que fixo dous rogos, o primeiro, precisamente é para que lles contesten cando se pregunten cousas, xa que hai unha cantidade de cousas solicitadas por rexistro e a día de hoxe non teñen nada e que en canto ao dito das Comisións, parécelle chocante que haxa concelleiros/as que, coma dixo antes, levan tres anos sen informar de nada, é dicir, ou non fan nada ou ben non queren dicir o que fan.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que confía plenamente en tódolos seus concelleiros e concelleiras e que o seu traballo tamén o ve e o comproba día a día; que en todo caso, o que se falou cos catro Presidentes de Comisións Informativas é que as preguntas se resposten nas Comisións e se lle dea cumprida resposta a todas elas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido, manifesta que ía comezar con preguntas pero que vai facer primeiro un rogo; que case subscribe o dito polo Sr. Rodríguez Carballeira de que está todo escuro por iso pedimos ao goberno que lles ilumine un pouco.

Deseguido intervén o Sr. Rodríguez Carballeira e manifesta que non é que estea escuro se non que o pintan todo escuro.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e di que xa que dado que non se lles chamou para ver o borrador de orzamento antes de fin de ano, roga que antes do día 2 de febreiro, que é cando comeza o Antroido, se lles pase o borrador do orzamento para o estudar; que os orzamentos se traian antes ou que se deixen para despois do Antroido.

Continúa o Sr. Galego Feal e manifesta que non sabe se as obras debaixo do Viaducto de Vilanova están rematadas, si se lles falta moito, se houbo que prorrogar a obra ou se vai haber máis volume de obra; di que lles chegaron queixas sobre o lavadoiro de Mundín e hai que dicir, que aínda que esteticamente queda ben, fáltalle tella ou pizarra; que non sabe o que levará e que aínda que pensa que a cuberta é bonita, funcionalidade non a ten xa que non protexe da choiva á xente que está dentro e pregunta que cando está prevista rematala xa que o Xacobeo xa empezou se xa se veu pasar o primeiro peregrino por Vilar do Colo e non queda ven o ser vista así pola xente que pasa por alí. Continúa a súa intervención e pregunta polo pintado das prazas de minusválidos que estaban pendentes; pregunta si se cumprimentou todo o que había que cumprimentar sobre o abastecemento de auga na avenida Naturais e rúa Fraga e se remitiu á Deputación; di que o camiño de Santa Ana que sube á capela de Santa Ana, polo que descorre parte do camiño de Santiago, está nun estado lamentable; que lle parece que se metera ao comezo da lexislatura nun Plan de Medio Rural e que estaba pendente dun informe de Patrimonio, polo que roga que dende o Concello se faga algunha xestión e que sexa rápida, porque levan así máis de dous anos.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que , en canto aos rogos, na cabalgata de reis, ademais do xa falado, creen que as nove e media da noite non é unha hora para a rematar, polo que roga que remate un pouco máis cedo; que en canto á desratización na zona da praza verde volveron a recibir queixas de que as ratas están a subir polos xogos dos nenos, polo que roga que se faga un encargo especial; que verbo da tala de árbores no Belelle, que xa mencionou noutro Pleno e solicitou por Rexistro, o camiño quedou sen gabias e en moi mal estado, coma consecuencia da empresa que estivo quitando madeira, e que levan máis de mes e medio sen alumeadado público, polo que roga que se faga algunha xestión para repoñer estes servizos; di que na praza verde cree que está sen repoñer o sinal da parada de taxis polo que roga a súa reposición; que roga que se faga a limpeza do río Cádavo porque cre que é moi necesario; que roga a reparación, en relación coa estrada que vai ao peirao de Perlio, xa que hai numerosas fochas e ademais conviña facer unha xestión con RENFE xa que o cerramento que pecha a vía está en moi malas condicións e pode causar unha situación de perigo; roga tamén , se é posible, levar un colector de lixo ata a zona do peirao, na zona da entrada a ASTANO. Continúa dicindo que ramén ían preguntar sobre a empresa de informática, pero que coma xa se dixo que se están a facer as bases, tamén rogan que se fagan bases para a empresa de limpeza.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en relación ao parque de Vilanova é a única obra do Plan E do ano 2009 que está sen rematar e que se solicitou unha prórroga ao Ministerio ata o día 28 de febreiro, prórroga que o Ministerio concedeu e que agora mesmo está a ser publicada; que a obra está practicamente rematada, que faltan algúns retoques simplemente e que en canto aos prezos, non teñen ningún inconveniente en mostrar na Comisión o desglose que saíu no seu día no proxecto e que se comprobe se son prezos ou non de mercado; que non obstante, son os que foron aprobados no seu día; que verbo do rogo do cerramento que pecha a vía, tanto na zona do peirao de Perlio coma na zona da rúa da Torre e na rúa Tellería o estado é lamantable; que o antigo muro de celosía está medio derrubado e o valo metálico que foi de cor azul agora é case de cor óxido; que se lle deu traslado a ADIF en varias ocasións ,que é o responsable do mantemento da instalación, e que o último que se falou con eles, por iso espera que se solucione canto antes, é que no convenio que se ten que asinar este ano co Concello de Fene para a construción dos pasos sobre a vía do tren no Cruceiro e na Estación se inclúa tamén a adecuación,

mantemento e reposición de todo o perímetro que ten a vía do tren na zona urbana do Concello de Fene.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que verbo do camiño de Santa Ana, éste está incluído no Plan de Infraestrutura de Medio Rural e que o último que lles pediron foi o informe urbanístico conforme o Camiño de Santiago pasaba por Fene, documento que xa se achegou e están á espera de que lles concedan o permiso; di que vai intentar saber como está e que se non está autorizado antes da vindeira reunión da Comisión, dará conta nesta de cómo está o tema.

(Neste momento ausentase do Salón de Sesións a sesión a Sra. Concelleira Dona Rita María Couto Seijido).

Continúa o Sr. López Rodríguez a súa intervención e di que en relación ao cambio do abastecemento na avenida Naturias e a rúa da Fraga teñen previsto ir á Deputación e que o enxeñeiro municipal reuniuse cos técnicos de Fomento para facer o replanteo e que Fomento puxo algún problema polo que se está á espera do informe de Fomento para poder respostar, do que se dará conta en Comisión; que verbo do pintado das prazas de minusválidos teñen catro moi urxentes e están encargadas a unha empresa de pinturas para que se fagan, que son á de Barallobre, a de Casanova e dúas que non hai para o Pavillón de San Valentín, ao lado do paso de peóns, que xa están pedidas e orzamentadas para facer; que en relación ao lavadoiro de Mundín o rematarán o antes posible; que tamén quere introducir un matiz en relación á obra do viaducto de Vilanova, que é que quedan por certificar douscentos sesenta e catro mil euros, polo que está certificado a metade da obra.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta en relación ao primeiro rogo respecto ao Antroido e o orzamento di que o borrador de orzamento está practicamente listo; que teñen que mirar unhas últimas opcións con Intervención a partir da semana que ven e que a partir de aí se porá a disposición dos grupos; que en todo caso, se hai vontade por parte da oposición, e parece coma di o voceiro do PP que a hai, para sacar adiante o borrador do orzamento estará aprobado por aquela data ou polo menos acordada a aprobación para poder telo listo.

(Neste momento reinincorpórase ao Salón de sesións a Sra. Concelleira Rita María Couto Seijido).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez e manifesta que unha das preguntas que tiña era sobre os orzamentos, xa que se tiña falado de presentalos antes de fin de ano e eles dixeron que se daban por satisfeitos si se presentaban a mediados de xaneiro; di que anteriormente, cada tres meses se entregaba o estado de execución do orzamento e que debe facer, polo menos, ano e pico que non se presenta ningún polo que roga que se siga entregando, xa que para a oposición é unha axuda importante; di que roga tamén o pintado dos pasos de peóns, xa que hai moitos que están sen pintar, algún que non sabe si é cousa do Concello ou da empresa que os pinta coma o que está na avenida Marqués de Figueroa, onde xa houbo algún accidente polo que roga que si é cousa do Concello que se pinten e que se é cousa da empresa que se lle reclame e se faga. Continúa dicindo que verbo da retirada de voluminosos houbo xa algunha pregunta que xa se contestou, e que hai queixas de veciños en tódalas parroquias. Di que hai actos vandálicos, tanto nos parques coma nas cabinas, polo que roga que se aumente a vixilancia da Policía Local, si é posible. Continúa e di que quere preguntar sobre algo que lle chamou a atención do que dixo o Sr. Alcalde en relación a converter o monte de Marraxón nunha zona de ocio, cando o que se quedou entre os grupos é que se ía consensuar o que alí se fixera; que quere saber se os

novos servizos que se van poñer en marcha no centro sociocomunitario van ser financiados só pola Xunta ou se o Concello tamén participa.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, en relación ao monte de Marraxón, a vontade do grupo de goberno é facer o que se falou cos grupos políticos, traelo a Pleno, consensualo e facer as obras; que nesa reunión se apuntaron cales eran as propostas do grupo socialista, previa consulta co Ministerio de si era ou non posible actuar en terreos que non foran propiedade municipal se non que estiveran cedidos; que unha propostas do grupo de goberno, se estivesen tódolos grupos de acordo, era actuar no Coto do Rei e na zona de Marraxón, no sentido de que se incluía perfectamente nos criterios do Plan E de recuperación ambiental de determinadas zonas que neste momento non estaban coma tal, non estaban nin gañadas ao ocio público nin no mellor estado de conservación, tendo en conta que é unha zona natural especialmente importante, o maior punto que hai ao redor da ría de Ferrol; que lle preguntou un xornalista de se había algún plan ou idea de qué facer con Marraxón e que lle contestou que o que hai e isto, sempre condicionado ao acordo cos propietarios que son os comuneiros de Marraxón e condicionado tamén a que iso se poida consensuar e aprobar no Pleno e, sobre todo, ao prezo que esa obra teña e que cadren os números para encadrar dentro dese millón e medio de euros que ten o Plan E este ano; que a vontade segue sendo a mesma e non hai cambios nese sentido.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que en relación co solicitado dos pasos de peóns na avenida Marqués de Figueroa non se pode pintar de momento, aínda que foron solicitados varias veces; que tamén hai varias cousas, xa que está pedido dende a Alcaldía, coma unha liña descontinua fronte a gasoleira para a poder cruzar e un paso de peóns fronte ao Gadis.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se falou con Estradas para dicirlles que había dous puntos , a entrada da gasoleira que era de liña continua e fronte do Gadis a vella reclamación de facer un paso de peóns, e que lles dixeron que en relación ao asunto da gasoleira non había ningún problema e que o pintaban seguro , xa que o criterio que ten Estradas do Estado é poñer liña continua en tódalas travesías para evitar adiantamentos, pero que en todo caso, alí onde lle pedise o Concello e estivese xustificado se faría; que no caso da gasoleira se faría e que no do paso de peóns o estudarían.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido, manifesta que complementando o exposto polo Alcalde e o concelleiro de Obras, comenta que a Policía está elaborando un pequeno informe con tódalas sinais, pasos de peóns e espellos que non teñen e que farían falla.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Rey Sampayo quen, unha vez concedido, manifesta que é unha iniciativa da Xunta que presta unha monitora e o Concello só presta apoio.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que falta que se responda ao seu rogo sobre o estado de execución.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se trata dun rogo e non unha pregunta e que os rogos non se respostan; que non obstante o estaba a falar coa interventora cando se formulaba o rogo e que parece que require un acordo plenario previo sobre esta cuestión para regulamentar esta información; que se é posible e non teñen ningún impedimento en facilitala.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove e cincuenta e tres minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace,
O Alcalde-Presidente

Iván Puentes Rivera

A secretaria xeral,

Pilar María Pastor Novo